

# O MOZO AHMED

Luc e Jean-Pierre Dardenne, 2019

# 613

ESTREA EN NUMAX: 05.12.2019 | V.O.S.E. | +12

*Le Jeune Ahmed* (2019, 82')

**Dirección:** Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne

**Guión:** Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne

**Elenco:** Idir Ben Addi, Olivier Bonnaud, Myriem Akheddiou, Victoria Bluck, Claire Bodson, Othmane Moumen

**Son:** Valène Leroy

**Fotografía:** Benoît Dervaux

**Dirección de arte:** Paul Rouschop

**Vestuario:** Maïra Ramedhan Levi

**Produtora:** Centre du Cinéma et de l'Audiovisuel de la Fédération Wallonie-Bruxelles, Les Films Du Fleuve (Bélxica)

**Distribuidora:** Wanda Visión

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Francés, árabe

## PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2019 (Sección oficial)

## FILMOGRAFÍA

*A rapaza descoñecida*, 2016

*Dos días, una noite*, 2014

*El niño de la bicicleta*, 2011

*El silencio de Lorna*, 2008

*El niño*, 2005

*El hijo*, 2002

*Rosetta*, 1999

## SINOPSE

Na Bélxica dos nosos días, o destino do mozo Ahmed, de 13 anos, quedou atrapado entre os ideais de pureza dos que lle fala o seu imán e as paixóns da vida.

«Os Dardenne infalíbeis. O seu cinema recupera a súa aura impecábel abordando un tema que só pode ser tratado aplicando a súa fórmula»

Victor Esquirol, FILMAFFINITY



## “Quixemos gravar a vida que regresa da ideoloxía da morte”

Entrevista con Luc e Jean-Pierre Dardenne

Por Siegfried Forster

**Foi difícil atopar un nome para o papel do rapaz que se converte en islamista radical?** Luc Dardenne [LD]: Non, foi doado, é un nome moi común. Pode que pensásemos en Hamlet, non o sei, chegou só.

**Interpretar os trazos exteriores dunha radicalización pode semellar doado, pero como fixestes para conseguir transmitir o proceso interior de radicalización do personaxe?** Jean-Pierre Dardenne [JPD]: É un pouco a aposta do filme. Como presentar este rapaz? Un mozo completamente pechado sobre si mesmo e fanático que cre estar a facer o ben. Mesmo se matan a xente pensan que o fan cun fin superior. Para eles é como atopar un certo ideal de pureza que o imán lles inculcou a partir da morte dos seus familiares en Siria. A cuestión é como mudar a mente dalguén que chegou a tal punto de fanatismo. Cando comezamos a construír a nosa historia buscamos a maneira de facer saír o protagonista do seu fanatismo pero non dabamos coa maneira. A súa contorna tenta facelo mudar, son

benévolos con el pero topan cun muro impermeábel, que non logran fender. Coido que ao remate do filme, o contacto con todas as persoas que vai atopando provoca certo cambio que aínda que non se verbalice pode detectarse.

**Por tanto, considerades que hai sinais exteriores que mostran o cambio interior.** LD: Por exemplo, cando Ahmed entra na granxa e toca o tenreiro. Ese xesto é un sinal. Está a tocar un ser vivo. Agarímao un pouco, non bate nel. É un xesto que di moito. Ou cando deixa que a rapaciña o agarime cunha herba. El séntese avergoñado, semella non querer pero, ao mesmo tempo, non lle impide que o faga.

Nestes escenas hai algo relacionado coa vida que entra no plano. O espectador, nese intre, pensa: «Mira, o rapaz aínda está vivo. Aínda é quen de amar a vida e non só obsesionarse co asasinato do seu mestre, este activista que dá clases nocturnas para axudar os rapaces a facer os seus deberes». Son dous acenos, dúas cousas que mostran que hai unha mudanza. E neses xestos Ahmed non pode enganar, a súa emoción é real.

**Moita xente se inquieta pola chegada a Europa de xihadistas procedentes de Siria. Considerades o filme como unha contribución a ese debate?** LD: É unha cuestión importante. Coido que cómpre respectar o dereito internacional. Hai que permitir que estes nenos se encontren cos seus pais, pero tamén cómpre que os adultos sexan xulgados polos seus actos. Non sei se o noso filme bota luz sobre o

proceso de radicalización. A nós non nos interesa realmente este tema, interésanos o noso personaxe. Preguntámonos como un rapaz pode chegar a abrazar esa ideoloxía da morte e como pode logo recobrar a vida. Iso é o que quixemos gravar coa nosa cámara: a vida que regresa. Se, por exemplo, un educador ve o filme como unha ferramenta para entender mellor a un rapaz prisioneiro desa ideoloxía xa será un logro.

**A lei de Deus está por riba da dos homes. Así xustifica Ahmed os seus actos. Pensades que é un pensamento exclusivo dos islamistas?** JPD: Os crimes cometidos en nome da relixión non suceden só no caso do Islam. A meirande parte das relixións téñeno feito, nun momento dado, na súa vontade de dominar a existencia dos individuos e dirixir o seu destino. E case sempre remata nunha catástrofe. É por iso que en cada democracia debemos atopar unha solución para separar Igrexa e Estado. En todo caso con noso filme non queremos estigmatizar unha relixión. É o aspecto totalitario e totalizador das relixións o que rexeitamos.

Publicado en rfi.fr  
Tradución: Xan Gómez Viñas

**Os directores**  
Os irmáns belgas Luc (1954) e Jean-Pierre Dardenne (1951) conta cunha das filmografía máis sólidas e comprometidas do cinema europeo actual, especialmente desde 1999 cando *Rosetta* acadou a Palma de Ouro en Cannes. Desde entón toda a súa obra foi estreada na Croisette, con premios para *El hijo* (2002), *El niño* (2005), *O silencio de Lorna* (2008) ou *El niño de la bicicleta* (2011).

## MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

